

Pleno do Comité N° 25 - 7 de xullo de 2017

1.- Actas: Apróbanse as actas 22, 23 e 24. A 22 coas modificacións propostas por nós.

2.- Comisións: Houbo Comité Provincial de Seguridade e Saúde o 22 de xuño e tratáronse, entre outros, os seguintes temas: Nos comentarios ás actas 476, 477 e 478 do Comité Central falouse dun soporte para as caixas de empalmes de fibra óptica de outra operadora (Jazztel) nas cámaras de rexistro que teñen as beiras cortantes, tamén se comentou que os responsables de Comercial non están asistindo ás reunións cando é unha área que acumula problemas de saúde laboral, por último tratouse a dotación dos botiquíns pois quérese mellorar xa que foi reducida pola circular SL-203 (febreiro 2014), tamén se comenta que cando se precisen tesoiras e/ou pinzas deben pedirse como unha dotación nova.

No apartado dos puntos pendentes volveu tratarse as deficiencias detectadas nas avaliacións de riscos nas centrais pois moitas quedan por resolver e sen que se lles faga un seguimento, seguen os problemas co aire acondicionado en moitos departamentos. Volve falarse tamén da falta de limpeza, onde só se está actuando puntualmente cando se denuncia, pero non se incrementa a frecuencia da limpeza.

Tamén se falou da Avaliación de Riscos Psicosociais en Comercial pois os datos que se coñecen indican que foron a peor dende a anterior avaliación. Agora o proceso que se está a levar a cabo é diferente pois un consultor externo está a facer entrevistas aos ASC para logo propoñer actuacións para reducir os riscos, o caso é que o tempo vai pasando e a situación non mellora.

Como puntos novos volve a engadirse o aire acondicionado en Hércules, a mellora dos ordenadores nos postos de traballo en Comercial pois o seu mal funcionamento inflúe na carga de traballo, as salas de Hércules que se están usando para dar formación e as denuncias por luminarias que deslumbran nalgúns postos de traballo en varias centrais. Dende a CIG pedimos que na próxima reunión se traten os cheiros na planta primeira de Conxo e o mal funcionamento de aire acondicionado da oficina desa mesma planta.

3.- Comercial: Neste punto trátase o acordo que se levou a unha reunión coa empresa para o peche de Captación e o pase dos ASC a un novo departamento de Reclamacións onde se lles dou como alternativa pasar a CGC ou a Gran Público. CCOO defendeu o acordo porque seica se conseguiron melloras nas quendas en Reclamacións, nunha roda que se fará en todo o territorio, e tamén polas alternativas ofrecidas aos que non quixesen pasarse a Reclamacións.

Por parte da CIG comentamos que o acordo fraguouse nunha Comisión Territorial da que non temos información polo que pedimos que o Comité solicite a acta e os acordos desa reunión así como das outras que se teñen celebrado dende a sinatura do presente convenio. Tamén comentamos que non se lles ofreceu pasarse ao departamento de Empresas de onde foron reestruturados de xeito forzoso cando os pasaron a Captación, polo tanto votaremos en contra do acordo, por como se levou adiante e polo contido do mesmo.

O acordo foi aprobado cos votos a favor de CCOO, UGT e AST e os nosos votos en contra.

Neste mesmo punto fíxose un repaso de cuestións abertas en Comercial que non acaban de pecharse, hai varios procesos en marcha pero a empresa non anunciou a resolución deles. Este mesmo caso, o peche de Captación, onde a empresa informou que os 6 ASC pasarán a Reclamacións semella que tampouco remata deste xeito pois unha ou dúas persoas poida que pasen a outros departamentos.

O Comité tamén requirirá que a empresa explique que pasa en Comercial Pemes pois cada vez sae máis xente do departamento sen que entre ninguén co cal as carteiras e a carga de traballo dos que quedan vai incrementándose.

Outra cuestión abordada é un procedemento polo que lles esixen aos comerciais de Empresas que lles ofrezan aos clientes unha carteira cos edificios e locais da inmobiliaria de Telefónica para o seu aluguer ou venta. Esta actividade inmobiliaria non debería entrar entre as funcións da venta dos produtos dos comerciais, todo semella froito dun descontrol e de falta de previsións sobre as actividades e as áreas de negocio da propia empresa.

En CGC engadirase ás súas funcións a xestións dos terminais dos clientes (móviles e ordenadores) co cal incrementanlle a carga de traballo cunha xestión da que despois perden o control pero da que terán que responder diante dos clientes.

O piloto que estaba en marcha para facer teletraballo en Canal Telefónico de momento non se pon a andar porque seica ninguén cumpría cos requisitos, un deles era que tiñan que facer quenda de tarde polo que a conciliación que podía aportar o teletraballo pode dificultarse pola realización desa quenda, outro que tiñan que acadar o 80% dos obxectivos. En setembro volverán a tratar de comezar o proceso.

Por todos os puntos que hai abertos en Comercial vaise pedir unha reunión a RRHH na que estean presentes os responsables de Comercial pois nos últimos tempos non aparecen nas reunións convocadas para tratar temas da súa área.

Tamén se vai a reiterar un escrito á empresa para que conceda os cambios de acoplamento solicitados antes da ocupación das prazas polo concurso de méritos de encargado, RRHH comentou de palabra que non tiña pensado conceder ningún cambio de acoplamento.

4.- Varios: Neste punto trátanse os escritos de entrada e saída.

Entre os escritos de entrada está a resolución da Inspección de Traballo sobre a denuncia posta polo Comité sobre a modificación substancial de condicións de traballo en CAOL Quente cando lles ampliaron o horario da quenda partida.

A resolución ven a dicir que a Comisión Interempresas de Áreas Comerciais, sen prexuízo do Comité Provincial, ten competencias para fixar quendas e horarios polo que a imposición por parte da empresa incumpriría o acordado no convenio, e que esta cuestión competencial debe ser dirimida pola Comisión de Interpretación e Vixianza. Deste xeito acórdase enviar escrito ao Comité Intercentros para que traten este tema en Interpretación e Vixianza.

- Próxima Permanente: **Venres 21 de xullo.**
- Próximo Pleno: **Venres 4 de agosto.**

Como se fixo o verán pasado, se consideramos que non hai temas urxentes para tratar no Pleno de agosto, poderíase substituír este por unha reunión da Comisión Permanente.